

Confidencialidade da información no traballo

- Protexe a confidencialidade da información coa que traballas: utilízala para outros fins ou mesmo coméntala nunha conversa casual pode supor un uso non autorizado de información ou datos persoais pola túa parte e un acceso non autorizado por parte de terceiros.
- Evita deixar exposta información sensible ou con datos de carácter persoal cando o teu posto de traballo queda desatendido. Garda os documentos físicos e bloquea o equipo mesmo en caso de ausencias curtas.
- Sempre que sexa posible, a pantalla debe estar orientada de modo que o contido non poida ser visto desde unha zona de paso pública, a través de cámaras de seguridade ou desde o exterior das instalacións.
- Cando uses unha impresora, especialmente se non a tes á vista, vai retirar canto antes o documento impreso. É recomendable usar a función de impresión retida sempre que estea dispoñible.
- Antes de enviar documentos de traballo en formato electrónico revisa con atención os destinatarios. Consulta se a entidade na que traballas esixe algunha operación adicional (por exemplo o cifrado).

Consulta máis información sobre ciberseguridade en <https://ciberseguridadegalicia.gal>



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



CIBER
SEGURIDADE
GALICIA



UNIÓN EUROPEA
Programa REACT-EU